

Directorio de empresas e unidades locais

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

- Elaborar e manter un conxunto organizado de información sobre empresas e unidades locais con actividade económica en Galicia.
- Proporcionar un marco de referencia para a realización de enquisas de mostraxe e elevación de datos.
- Satisfacer a demanda externa de información sobre o tecido empresarial galego, subministrando datos básicos de identificación e clasificación, normalizados por territorio, actividade e tamaño.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

Empresas que na data de referencia realizan algunha actividade económica en Galicia. Rexístranse dous tipos de unidades: a empresa e a unidade local. A empresa defínese como a unidade xurídica que da cobertura legal ás actividades que se realizan nos locais dependentes dela. O directorio recolle todo tipo de unidades xurídicas, agás as comunidades de propietarios. Con respecto ao tamaño das unidades non se introducen restricións, ao incluíren as empresas con e sen asalariados.

Cobertura sectorial

O Regulamento (CEE) nº 177/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008 (Diario Oficial da Unión Europea do 5 de marzo de 2008) que establece un marco común para os rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos e derroga o Regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, establece que nos rexistros de empresas deberanse incluir todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto e as súas unidades locais. Neste directorio, para adaptarse a este Regulamento, inclúense as actividades económicas das seccións A (Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca) e O (Administración Pública, defensa e Seguridade Social obligatoria).

Ámbito xeográfico

O directorio recolle as empresas con sede en Galicia e as empresas con sede social nunha provincia non galega, pero que exercen unha ou varias actividades económicas no noso territorio. As empresas clasifícanse segundo a súa sede e as unidades locais en función do territorio onde están emprazadas.

Ámbito temporal

As referencias temporais dos datos do directorio están vinculadas ás dos rexistros administrativos que se utilizan como fontes primarias. Con carácter xeral, o directorio de cada ano ten como referencia o día 1 de xaneiro, pois case que toda a información que recolle provén de declaracóns ou inscrpción activas nesa data.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Empresa: A efectos do directorio, a empresa é a unidade xurídica que proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios.

Unidade local: Empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito,...) emprazada nun lugar no que se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular. A unidade local, segundo o regulamento comunitario relativo ás unidades estatísticas de observación e análise, pode agrupar actividades auxiliares exclusivamente. Por tanto, as sedes sociais ou os domicilios legais dos titulares das empresas serían unidades locais, aínda no caso de que existan únicamente como soporte xurídico das actividades. A unidade local así definida non coincide coa clásica de "establecemento". O establecemento sería unha unidade local na que estarían vinculados, de modo inequívoco, actividade e territorio. Poderíase entender un establecemento como unidade local "con local", fronte á unidade local "sen local" propia das actividades de profesionais ou colectivos con forte presenza de minifundismo empresarial, actividades que non se exercen nun lugar fixo e que en moitos casos teñen o domicilio particular como único referente estable para a organización da producción. A partir do directorio de 2003 optamos por asignar a cada empresa, cando menos, unha unidade local, que, eventualmente, coincidirá co domicilio do titular.

Condición xurídica: Tipo de personalidade xurídica do titular da empresa responsable da actividade. Considéranse as modalidades de persoa física, sociedade anónima, sociedade de responsabilidade limitada, sociedade cooperativa, sociedade colectiva, sociedade comanditaria, e comunidade

de bens, agrupando baixo a denominación de “outra condición xurídica” os restantes tipos de asociacións e institucións.

Actividade económica: Producción de bens e servizos a partir da utilización de capital, materias primas e traballo. En cada local recóllese a actividade principal, que se define coma a que contribúe máis aos resultados económicos. A codificación das actividades segue a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 1993 Rev.1) ata o ano 2008, no que se empeza a utilizar tamén a CNAE 2009. A partir do directorio do ano 2010 a codificación realiza exclusivamente coa nova CNAE.

Estrato de asalariados: O directorio utiliza esta información como medida do tamaño da empresa. Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios.

Demografía empresarial: As empresas clasícanse en tres apartados:

- Altas (ano t): unidades activas que se rexistran no ano t e non estaban activas no ano t-1.
- Permanencias (ano t): unidades activas rexistradas no directorio do ano t-1.
- Baixas (ano t): unidades activas no directorio do ano t-1 que causan baixa no do ano t.

Estes conceptos, para un nivel xeográfico inferior ao global, non teñen en conta as altas e baixas debidas á mobilidade xeográfica das empresas por cambios de sede. As modificacións na localización das sedes quedan recollidas no concepto de permanencia que, para un agregado xeográfico

determinado, indica as unidades activas rexistradas no directorio en anos anteriores ao ano t e que no presente ano teñen a súa sede social nese ámbito xeográfico, podendo ter unha localización diferente no ano t-1.

4. Fontes de información

Rexistru Mercantil

Desde 1990 as empresas societarias están obligadas a depositar as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís da provincia do seu domicilio social. Os principais documentos que integran estas contas son o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.

Rexistros de Contas de Cotización e Afiliacións da Seguridade Social

A cotización é unha actividade financeira a través da cal os suxeitos obrigados aportan recursos á Seguridade Social. O sistema da Seguridade Social inclúe o réxime xeral e os réximes especiais para colectivos cun tratamento diferenciado fronte aos distintos riscos (traballadores autónomos, réxime especial agrario, réxime especial do mar, réxime especial da minería do carbón e réxime especial de empregados do fogar).

O concepto de conta de cotización agrupa a un colectivo de traballadores pertencentes a unha mesma empresa, que desenvolven a súa actividade laboral nunha mesma provincia e que teñen características homoxéneas fronte a cotización, polo que un mesmo empresario pode ter asignadas varias contas. O rexistro de contas de cotización proporciona datos de

identificación, localización, actividade e tamaño para as empresas con asalariados.

Por outro lado, do rexistro de afiliacións á Seguridade Social extraíense os afiliados por conta propia, é dicir, os que realizan unha actividade económica lucrativa pero sen suxección a contrato de traballo, aínda que utilicen o servizo remunerado doutras persoas.

Directorio Central de Empresas

Os procesos de xestión do DIRCE adecúanse ás directrices metodolóxicas contidas no "Manual de Recomendaciones sobre Registros de empresas" publicado por EUROSTAT, ao igual que o Directorio de empresas de Galicia, de aí que sexa unha das nosas fontes para cotexar e depurar a información básica das empresas e os seus establecementos.

Outras fontes

Para completar a información obtida a partir dos rexistros anteriores utilizanse algúns outros de cobertura máis limitada e que proceden de distintos organismos, así como a información das empresas entrevistadas nas operacións estatísticas que realiza o IGE no ámbito económico e de enquisas propias do Directorio.

5. Revisións

Recóllense neste apartado as depuracións e modificacións metodolóxicas que poden afectar significativamente á comparabilidade das series do Directorio de empresas e unidades locais. En cada directorio incorpóranse

novas fontes de información, formas de depuración e datos que se especifica en cada un dos anos, pero unha vez incorporadas (aínda que non se especifique) mantéñense en cada directorio. O que tratamos en cada exercicio é de mellorar a cantidade e sobre todo a calidade da información.

Ano 2009

No directorio do ano 2009, con motivo da asignación da CNAE 2009 a 3 díxitos, fíxose un refinamento dos procesos de codificación da actividade das empresas e das unidades locais, que afectou tamén a algúns grupos da CNAE 1993, con especial incidencia no sector da construcción.

Ano 2010

- Ata o ano 2010 o descarte de actividades facíase a partir da CNAE 1993. A partir do directorio do ano 2010 utilízase a CNAE 2009, o que afecta fundamentalmente ás actividades de xardinería que non se empezan a incluír ata ese ano, xa que na CNAE 1993 formaban parte da sección A (Agricultura, gandería, caza e silvicultura), mentres que na CNAE 2009 codifícanse dentro da sección N (Actividades administrativas e servizos auxiliares).
- Revisión da actividade das empresas clasificadas como "gardaría" (CNAE 8991), para separar as escolas infantís (CNAE 8510), xa que o epígrafe do IAE non permite a súa distinción.

Ano 2011

Depuración das institucións sen fins de lucro, asociacións, fundacións e institucións relixiosas. Esta revisión provocou cambios na codificación da actividade que se derivaba das fontes primarias de información, cunha importante repercusión nas CNAE: 94 (Actividades asociativas), 91 (Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais) e CNAE 87 E 88 (Actividades de servizos sociais).

Ano 2012

- Depuración da actividade principal empregando a "Encuesta industrial de productos" do INE. Afecta especialmente a algunas CNAE do sector industrial.
- Revisión da CNAE 722 ("Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades"). O epígrafe do IAE asignado a esta CNAE é moi amplo e engloba outras actividades. A depuración implicou o cambio dun importante número de empresas á CNAE 8690 ("Outras actividades sanitarias"). Trátase, na súa maior parte, de profesionais e empresas dedicadas a actividades relacionadas coa psicoloxía.

Ano 2013

Revisión do sector servizos, a partir da "Encuesta de servicios" do INE e outras enquisas específicas do IGE para a depuración deste sector . Os cambios más importantes afectaron, sobre todo, ás empresas inicialmente clasificadas na CNAE 82: "Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas". Esta CNAE recolle, segundo a asignación automática da actividade a partir do IAE, un

conjunto de empresas clasificadas neste imposto de forma ambigua "Outros servizos prestados ás empresas n.c.o.p.". Como resultado da depuración, as empresas da CNAE 82 reducíronse considerablemente; algunas detectáronse como baixas e outras moitas pasaron a outras actividades do sector servizos, maioritariamente a estas: 692 (Actividades de contabilidade, conservadoría de libros, auditoría e asesoría fiscal), 702 (Actividades de consultoras de xestión empresarial) e 74 (Outras actividades profesionais, científicas e técnicas).

Ano 2014

A principal modificación neste ano radica en dous puntos principais:

- 1.- Engadir ó directorio as seccións A (Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca) e O (Administración Pública, defensa e Seguridade Social obligatoria)
- 2.- Incorporar a variable tamaño ás unidades locais (segundo o número de asalariados da Seguridade Social).

Para a inclusión das seccións A e O da CNAE 2009 utilízanse os ficheiros da Seguridade Social: afiliacións e contas de cotización, salvo para o sector da pesca no que tamén se incorpora información remitida pola Consellería: Rexistro de buques de Galicia, Acuicultura mariña (parques de cultivo, granxas, criadeiros, viveiros...) e Permisos de marisqueo a pé.

O emprego asalariado obtense a partir das contas de cotización á Seguridade Social, faltan por tanto os asalariados doutras mutuas como MUFACE, ISFAS, MUGEJU,..., o cal afecta moi especialmente ó sector da administración pública.

A partir do directorio de 2014 incorpórarse o número de asalariados por unidade local.

Establécense tres niveis de reparto de asalariados por unidade local: os que nos proporcionan as enquisas, os obtidos nos procesos de depuración do directorio e os asignados automaticamente a partir das contas de cotización.

Ano 2015

1. Depuración mediante enquisa directa (en canto a dirección, CNAE e emprego) daquelas empresas con 3 ou máis unidades locais e 5 ou máis asalariados.
2. Inclusión dos colexios públicos grazas á información da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que provocou un aumento nas unidades locais e nos asalariados da sección P da CNAE 2009 (Educación).
3. Reclasificación na CNAE 8559 (Outra educación n.c.o.p.) de academias e autónomos que imparten clases particulares e que estaban erroneamente clasificados noutras CNAE.

Ano 2016

1. Incorporamos a información das Estruturas organizativas de xestión integrada do SERGAS, son sete y delas depende a xestión dos hospitais e centros de saúde (os seus establecementos):
ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA
ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DE LUGO, CERVO E

MONFORTE

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTION INTEGRADA DE PONTEVEDRA E
O SALNES

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTION INTEGRADA DE FERROL

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTION INTEGRADA DE OURENSE, VERIN
E O BARCO DE VALDEORRAS

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTION INTEGRADA DE SANTIAGO

Increméntanse os asalariados na CNAE 8610 (pola incorporación dos hospitais e centros de saúde públicos) que se compensa coa redución do emprego na Xunta dentro da CNAE 8412.

Ano 2017

1. Incorporamos a información dunha enquisa do IGE, levada a cabo polo Servizo de contas económicas, denominada "Enquisa ás entidades que prestan servizos sociais".

Esta enquisa permitiuños depurar as empresas das divisións 87 e 88 da CNAE no directorio en canto á dirección e actividade.

2. Depuración do grupo 016 da CNAE, "Actividades de apoio á agricultura, á gandaría e de preparación posterior á colleita", na que parte dos autónomos en realidade realizan servizos de xardinería, CNAE 8130.

Ano 2018

1. Engadimos información do Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias na Comunidade Autónoma Galega (Consellería do Medio Rural), o que nos permite ter más actualizado o sector agrogandeiro.

Aínda que na realidade o número de explotacións está diminuíndo, ao incorporar este rexistro como nova fonte de información no directorio 2018, o número de explotacións aumenta con respecto ao directorio anterior.

2. Depuramos o sector da construcción a través da "Encuesta de Estructura de la Industria de la Construcción", do Ministerio de Fomento.

Ano 2019

Revisión exhaustiva de 28000 empresas en canto ao seu enderezo, cambios nas sedes sociais e na súa razón, actividade, emprego e establecementos.

Concentrouse o maior esforzo na actualización dos establecementos, en asegurar a súa existencia, xeolocalizánndoos ou ben chamando directamente á empresa para que corrobore os datos dos seus establecementos en canto ao enderezo, actividade ou número de asalariados.

Ano 2020

1 Neste ano incorpórarse a información do directorio de "Aperturas ou renovación da actividade de centros de traballo" da Consellería de

Emprego e Igualdade. Trátase dun procedemento, aberto todo o ano, onde as empresas teñen que dar parte á Consellería da apertura ou da renovación da súa actividade de todos os seus establecementos nos que teña contratado asalariados por conta allea. Este directorio permítenos incorporar a información sobre altas nos locais das empresas, xa que nos proporciona a súa dirección e o seu emprego.

- 2 Utilización do Catastro Mineiro para a localización e depuración dos locais das empresas extractivas.
- 3 Realizamos a enquisa bienal aos bancos para poder actualizar o emprego e os seus locais, sobre todo debido ás diferentes fusións e absorcións dos últimos anos.
- 4 Depuración mediante enquisa directa a empresas con sede social fóra de Galicia e actividade baseada en servizos a outras empresas, porque resulta moi difícil establecer os seus locais xa que normalmente realizan a súa actividade nos establecementos das empresas ás que prestan os servizos.
- 5 Incorpóranse ao directorio de empresas as persoas físicas titulares de explotacións de bovino con 10 ou máis bovinos nalgunha das tipoloxías e que non foran incluídas no directorio por outras fontes.
- 6 Como cada ano, depuración exhaustiva de máis de 20.000 empresas e os seus locais en canto a dirección, xeolocalización, emprego e actividade.

Ano 2021

- 1 Fíxose durante todo o ano un traballo de normalización das direccións, tanto da empresa como das unidades locais, para poder

mellorar a produtividade de futuros cruces por dirección (sobre todo no caso das unidades legais) e ampliar o rango de direccións que podemos xeolocalizar automaticamente.

- 2 Nas aproximadamente 22000 empresas que entraron en depuración incorporáronse novas variables, coma o teléfono móvil da empresa e o teléfono nas unidades locais (móvel e/o fixo) e nome comercial da empresa.
- 3 Depuración a través de dúas novas fontes de información incorporadas este año:
 - Encuesta sobre el uso de las Tecnologías de la Información y las Comunicaciones y del Comercio Electrónico en las empresas (ETICCE)(INE)
 - RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais)
- 4 Iniciamos unha depuración no sector agrícola e gandeiro para eliminar autónomos que figuran coma socios doutras empresas do sector co fin de non duplicar as unidades legais. Fíxose a través dos ficheiros de afiliacións á Seguridade Social e un rexistro auxiliar do REAGA que contén os socios das explotacións prioritarias.

Ano 2022

- 1 Seguimos a realizar traballos de normalización das direccións, tanto da empresa como das unidades locais, para mellorar a produtividade de futuros cruces por dirección (sobre todo no caso das unidades locais) e ampliar o rango de direccións que podemos xeolocalizar automaticamente.

- 2 Este ano concentrouse o esforzo en conseguir un directorio coa CNAE a 4 díxitos para todas as empresas e para cada un dos seus establecementos. De momento non se verá reflectido na páxina web do IGE, pero si nas peticións a medida.

Ano 2023

No directorio 2023 (que recolle o acontecido no ano 2022), o IGE para adaptarse a un novo regulamento europeo, **considera só as empresas economicamente activas, polo que o dato do número de empresas deixa de ser comparable cos de anos anteriores.**

Debido á entrada en vigor do Regulamento EBS 2019/2152 e o seu acto de implementación 2020/1197, a explotación estatística do Directorio de empresas e unidades locais de Galicia (DIRGA), adoptou algúns cambios metodolóxicos para 2022, para homoxeneizarse co INE e o resto das Comunidades Autónomas. A nova definición de empresa economicamente activa, implementada en 2022, afecta ao cómputo do número de empresas activas, polo que os datos non son comparables cos dos anos anteriores.

Definición:

Considérase que unha unidade estatística estivo activa durante o período de referencia se, en dito período, tivo unha cifra de negocios neta positiva, unha produción efectiva, asalariados ou realizou inversións.

Fíxose, ao mesmo tempo, un esforzo na actualización das direccións de empresas e dos seus establecementos, sobre todo naquelas que non pasaron en anos por ningún proceso de depuración ou que no formaron parte da mostra de ningunha das enquisas que se usan na elaboración do directorio.

A elaboración do directorio 2023 centrouse tamén na mellora da información das empresas ou unidades locais localizadas nos polígonos industriais ou parques empresariais. Comezou neste directorio un traballo específico dirixido a todos os polígonos situados en Galicia, tanto os de titularidade estatal, como os autónomos ou os locais. Resulta ser un traballo difícil de abordar nun só ano, así que continuará no Directorio 2024.

6. Presentación de resultados

O plan de difusión de resultados do directorio de empresas contempla con carácter xeral e para cada territorio (ata nivel de concello) a desagregación por condición xurídica, actividade e tamaño. A partir do ano 2014, tamén para as unidades locais a información acada o detalle municipal e a separación por actividades e tamaño. As posibilidades de explotación do directorio son superiores e pódense atender peticións a medida que sexan compatibles coa salvagarda do segredo estatístico, especialmente esixente cando se trata de persoas físicas.

Teremos, por tanto, unha dobre publicación:

- Por un lado, mantense a publicación que xa existía e que abarca o período 1999-2014

- Por outro, engádese un novo apartado de "Datos dende o ano 2014" no que xa se inclúen as seccións A e O da CNAE 2009 (sector primario e administración pública) e tamén os datos de tamaño por estrato de asalariados e actividade principal das unidades locais (salvo para as seccións A e O).

7. Calendario

Esta operación estatística difúndese durante o mes de decembro do ano t , tendo os datos referencia temporal o 1 de xaneiro do ano $(t-1)$. Os datos dos movementos refírense ao ano $(t-1)$.